


SISTEMA LINFÁTICO



SISTEMA LINFÁTICO

- Trátase dun sistema paralelo ao circulatorio, constituído por unha vasta rede de vasos semellantes ás veas, que se distribúen por todo o corpo



SISTEMA LINFÁTICO

Está constituído por

LINFA

Fluído transparente de composición semellante a do sangue. Non contén góbulos vermellos nin proteínas de medio e alto peso molecular. Contén glóbulos brancos, chamados células linfoides

VASOS LINFÁTICOS

Capilares

Vasos

Conductos

ÓRGANOS LINFÁTICOS


Ganglios

Órganos anexos

Bazo

Amígdalas

Timo



FUNCIÓNS DO SISTEMA LINFÁTICO

Función defensiva: Nos ganglios linfáticos, os linfocitos reproducense para dar resposta ós axentes estranos.

Absorción de graxas: A meirande parte das graxas absorbidas no intestino non pasan directamente ao torrente circulatorio, se non que son absorbidas aos vasos do sistema linfático e transportadas por este, a través do conducto torácico para ser verquidas finalmente na circulación. Por esta causa, despois das comidas, a linfa adquire unha cor como de leite e chamase quilo.

Recolle substancias e líquidos do espazo intercelular e retornalos ao sistema circulatorio

A CIRCULACIÓN LINFÁTICA

A circulación linfática é moi lenta se a comparamos coa sanguínea. É **unidireccional** e **acíclica**, é dicir, recolle detritus celulares do espazo intercelular por todo o organismo e véteos na circulación venosa a través do **conducto torácico** e do **conducto linfático**.

A linfa circula gracias á combinación diversos mecanismos, entre os que destacan:

- A formación de nova linfa
- A bomba abdomino-torácica
- Movementos do propio corpo
- Outros